





ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 12 AO 15 XANEIRO

Venres 12 – Xaneiro: Tempo seco e frío durante a xornada de hoxe con xeadas bastante xeneralizadas no interior. No litoral as mínimas estiveron entre 0°C e 5°C . Ventos de compoñente leste no litoral, con escasa intensidade. Mar de fondo do noroeste, con ondas de 1 a 2 metros.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do venres 12 de xaneiro


Sábado 13 – Xaneiro: Baixas presións (borrasca Hipólito) achegándose polo Atlántico. Nebulosidade en aumento. Chuvias que no litoral afectarán principalmente a Pontevedra e oeste e suroeste da Coruña a partir de media mañá. Terán un carácter intermitente. Ventos do sueste pola mañá e de compoñente sur pola tarde con intervalos fortes no litoral nas horas centrais do día. Mar combinada en aumento, con ondas que superarán os 3 metros de altura en mar aberto no litoral atlántico. Avisos amarelos por vento forza 7 nas Rías Baixas e na Costa da Morte. Aviso en terra por ventos superiores ao 80 km/h litoral noroeste da Coruña.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 13 de xaneiro




Domingo 14 – Xaneiro: A situación continuará dominada polos ventos do suroeste, que soprarán con menor intensidade que na xornada anterior. Agárdanse chuvias persistentes e de intensidade moderada ao longo da primeira metade da mañá, que tenderían a remitir pola tarde. Mar combinada con ondas de 2 a 3 metros de altura.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do domingo 14 de xaneiro

Luns 15 – Xaneiro: Durante a xornada do luns as baixas presións continuarán ao oeste da península Ibérica, achegando masas de aire húmido e morno cara a Galicia. Isto quere dicir que temos que agardar unha xornada de chuvias no litoral, con ventos do suroeste, que ao igual que o luns non soprarán con moita intensidade. A altura das ondas quedará en mar aberto no entorno dos 2 metros de altura.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do luns 15 de xaneiro



Valoración sobre a chegada dos "pellets" ao litoral de Galicia

Durante o día de hoxe, venres, mantéñense as condicións desfavorables para a chegada dos pellets ou bolsas o litoral galego, xa que os ventos manteranse do leste, aínda que terán menor intensidade ca onte. O sábado iranse achegando os restos da borrasca Hipólito. Os ventos polo tanto irán cambiando a compoñente sur, pero terán aínda unha compoñente leste durante a mañá. Falaremos polo tanto de vento do sueste pola mañá e xa máis do sur pola tarde. Tendo en conta os dous días de compoñente leste anteriores (onte xoves e hoxe venres) isto podería facer que tampouco o sábado fose unha xornada moi propicia para a chegada destes pellets xa que deberían estar afastados da costa. A situación si que parece máis favorable para a súa chegada nas xornadas de domingo e luns, xa que nesos días os ventos si serán do suroeste.

Todo isto cómpre tomalo con precaución xa que non se coñece a situación real na actualidade destes pellets, polo que mesmo sendo propicias as condicións non podemos saber se chegarán, e de facelo, en que cantidades.

Información sobre as mareas:

Venres, día 12:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	04:35	4.0	Preamar	04:14	3.8	Preamar	04:18	3.8
Baixamar	10:49	0.5	Baixamar	10:30	0.5	Baixamar	10:34	0.5
Preamar	17:02	3.7	Preamar	16:42	3.6	Preamar	16:46	3.6
Baixamar	23:02	0.6	Baixamar	22:42	0.6	Baixamar	22:46	0.6

Sábado, día 13:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	05:20	4.1	Preamar	04:59	3.9	Preamar	05:03	3.9
Baixamar	11:35	0.4	Baixamar	11:15	0.4	Baixamar	11:19	0.4
Preamar	17:48	3.8	Preamar	17:27	3.6	Preamar	17:31	3.6
Baixamar	23:47	0.6	Baixamar	23:27	0.6	Baixamar	23:31	0.5



Domingo, día 14:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	06:07	4.1	Preamar	05:44	4.0	Preamar	05:50	4.0
Baixamar	12:21	0.4	Baixamar	12:01	0.4	Baixamar	12:06	0.4
Preamar	18:35	3.7	Preamar	18:14	3.6	Preamar	18:18	3.6

Luns, día 15:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	00:34	0.6	Baixamar	00:13	0.6	Baixamar	00:18	0.6
Preamar	06:54	4.1	Preamar	06:31	3.9	Preamar	06:37	3.9
Baixamar	13:09	0.5	Baixamar	12:48	0.5	Baixamar	12:53	0.5
Preamar	19:23	3.6	Preamar	19:01	3.5	Preamar	19:06	3.5

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>